



Plan de Axudas Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo **GDR–Costa da Morte** correspóndese cos seguintes concellos:

- > Cabana de Bergantiños
- > Camariñas
- > Carballo
- > Carnota
- > Cee
- > Corcubión
- > Coristanco
- > Dumbria
- > Fisterra
- > A Laracha
- > Laxe
- > Malpica
- > Mazariños
- > Muxía
- > Ponteceso
- > Vimianzo
- > Zas

Edificio Servizos Múltiples,
Rúa A Torre, s/n
15129 - VIMIANZO
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,
A Camposa, s/n, Buño,
15111 - MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 608 633 222

+ info 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com

LAXE

PATRIMONIO

En Laxe conviven todo o abanico de patrimonio galego, dende os restos arqueolóxicos dos primeiros poboadores destas terras ata edificios señoriais e de grande relevancia histórica como o Pazo de Leis.

Arqueolóxico

Da época megalítica destaca Fornela dos Mouros (2500 - 2000 a.c.), un dolmen situado preto do lugar de Aprazadoiro. Pénsase que pode tratarse dunha arca megalítica de inhumación individual, preludio das que aparecerán en Galicia a partir da idade do Bronce.

Relixioso

A igrexa de Santa María da Atalaia (XV) é a xoia da vila, un fermoso templo de estilo gótico mariñeiro que cumpriu funcións de vixilancia contra a entrada dos piratas no porto.

A Igrexa de Santiago de Traba conta cunha base estrutural románica. A fachada ostenta un interesante retablo pétreo do 1716, no que aparecen unha imaxe ecuestre de Santiago Matamoros e unha virxe franqueada por dúas sereas. No interior un retablo barroco-rococó realizado no 1768, no que destaca a imaxe do patrón do templo "Santiago Peregrino".

A pequena Igrexa de Santa María de Serantes (s. XII), atesoura un altar romano consagrado ao deus celta Cosus. Do templo primitivo só queda o lintel dunha das portas, cunha cruz inscrita nun círculo e unha data (ano 1162). Cóntase que foi vítima de numerosos saqueos dos piratas ó longo da súa historia.



Civil

A construción civil de maior importancia histórica de Laxe é a Casa do Arco (s. XVI), no centro da mesma vila, que foi residencia dos Moscoso. Sendo unha das poucas vivendas que quedan en Galicia de estilo gótico.

Destacan os seus tres arcos apuntados sobre os que se asenta o edificio, que dan paso a Rúa Real. Debaixo do arco hai dous escudos; o primeiro presenta un cáliz e unha hostia, probablemente se trate do escudo de Galicia; e no segundo aparecen unha cabeza de lobo e seis rodiñas, que representan as armas dos Moscoso e dos Castro respectivamente.

O Pazo de Leis, en Soesto, foi edificado sobre base da antiga residencia medieval do rei Alfonso IX e a súa segunda esposa, Berenguela. Esta fermosa construción ten uns magníficos xardíns considerados como uns dos mellores da Costa da Morte. O escudo representa o emblema dos Posse e dos Leis.

O Faro de Laxe é tamén un bo exemplo da arquitectura civil. Ten 11 metros de altura, e atópase na punta Ínsua do cabo de Laxe, sobre un outeiro duns 50 metros sobre o nivel do mar, nun espacio natural privilexiado.

Do esplendor de épocas pasadas quedan restos de casas fidalgas brasonadas e de formidables pazos xa desaparecidos; como as casas fidalgas de Carrabete e do Piñeiro, ou o Pazo de Aprazadoiro. En Mórdomo - Traba, sobrevive unha casa brasonada, como vestixio do que no seu día foron as Torres de Mórdomo.



IGREXA DE SANTA MARÍA DA ATALAIÁ

Este fermosísimo templo está situado nun alto, elevado sobre o peirao da vila, o atrio está formado por altos muros de pedra, que no pasado servían de asento a uns canóns defensivos. Pois a igrexa servía como atalaia de vixilancia e baluarte defensivo, contra a entradas de flotas ou barcos hostís.

NATUREZA

A natureza de Laxe está marcada polo océano, que durante millóns de anos configurou e deu forma a esta costa de mar embravecido e contornos suaves. Unha terra de humidaís, praias salvaxes, furnas, inmensos vales e increíbles postas de sol.

A franxa costeira do Concello de Laxe está protexida pola Rede Natura 2000, formando parte LIC Costa da Morte (Lugar de Interese Comunitario), pola gran importancia medioambiental das especies que alberga. Ademais a Lagoa de Traba está recoñecida como Espazo Natural Protexido pola Xunta de Galicia e está tamén incluída na ZEPA Costa da Morte (Zona de Especial Protección de Aves).

A biodiversidade mariña ten unha enorme riqueza, miles de especies habitan nestas augas e desde calquera punto da costa pódense avistar distintas especies de golfinhos; a Lagoa de Traba serve de refuxio á grande cantidade de especies de paso ou para aniar; como o lavanco real, a galiña de río, a garza real, o picapeixes, a galiñola negra, ou o corvo mariño.

En canto á flora, nos cantís medra a herba de namorar, a anthyllus vulneraria, a silene marítima, e diferentes tipos de fentos e nas zonas de dunas predominan o tártago mariño e o cardo mariño.

No Concello de Laxe hai dúas rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montañismo, o PR-G 70 Punta Ínsua e o PR-G 114 Laxe-Traba, que parten do paseo marítimo e percorren todo o litoral municipal, achegando ao camiñante aos lugares de maior valor medioambiental e as paisaxes máis abraiantes deste treito costeiro.



O templo primitivo (s. XIII) estaba formado pola capela maior, foi ampliado por desexo de Dona Urraca de Moscoso, e no século XV engadíndolle a nave rectangular e anos máis tarde a torre campanario. No exterior do templo ábrense tres fermosas portas, unha delas é oxival e de estilo gótico con arquivoltas, outra remata en arco apuntado sobre ela que descansa unha imaxe gótica da virxe, a terceira é unha porta adintelada por un relevo da resurrección. A escaleira pétreo de acceso á torre campanario presenta tres relevos góticos na balaustrade.

A parte máis destacada do templo é o interior, que garda escudos heráldicos como o brasón dos Castro, e dos Lara, unha imaxe medieval da Virxe da Atalaia, un friso que contempla cinco escenas da resurrección de Cristo, e un Cristo pantocrator do século XIV. No chan hai diferentes tumbas e no altar maior e co símbolo dunha coroa están as tumbas dos primeiros moscosos. Recentemente descubriuse unha pintura de San Domingo de Guzmán nun dos muros da nave.



FESTAS

A Semana Santa de Laxe é un dos reclamos turísticos máis destacados do concello, ten unha grande afluencia, especialmente a procesión máis tradicional da vila, a do Santo enterro ou Rosario da Boa Morte.

Festa en honor a Virxe do Carme, o 17 de agosto, celébrase unha procesión marítima presidida por unha das tradicións máis populares da vila, "O Simulacro do Naufraxio de Laxe"; declarada Festa de Galicia de Interese Turístico, a celebración realízase anualmente dende que foi instaurada no ano 1962 por Avelino Lema Santos, mariñeiro de Laxe supervivente a tres naufraxios. Os mariñeiros protagonizan unha representación do afundimento no que un deles morre afogado, os compañeiros lévano xunta á Virxe e esta devólvelle a vida. Un momento de emoción no que osromeiros rompen a aplaudir.

As festas patronais de Laxe, do 14 ó 17 de agosto son das máis concorridas da comarca. A festa da Cruz da Rosa é moi popular e concorrida, celébrase o 21 de xullo na ermida de Santa Rosa.



TURISMO DEPORTIVO

A praia de Soesto está considerada como unha das mellores de España para a práctica do surf e bodyboard segundo os especialistas na materia. Por esta razón, nas súas augas celébranse habitualmente probas deportivas pertencentes ó campionato de Galicia e de España destes deportes. Ademais son moitos os surfistas nacionais e estranxeiros, afeccionados ou de alto nivel, que acoden a practicar o surf e o bodyboard a esta praia en calquera época do ano.

PRAIA

A praia de Laxe resgardada dentro da ría, destaca pola increíble finura e brancura da súa area. Conta con todos os servizos dunha praia urbana e desde o 2006 ondea de forma ininterrompida a Bandeira Azul. A Praia de Traba é a máis grande, agreste, e de maior valor medioambiental de Laxe, que xunto coa lagoa forma o Espazo natural da Lagoa e Dunas de Traba. A praia de Soesto de area fina e de augas bravas é unha icona da práctica do surf. Na contra, a praia de Arnado é tranquila e de augas repousadas, e a praia dos cristais é o lugar no que o mar deposita milleiros de cristais de diferentes cores que durante o solpor danlle un colorido máxico ao lugar."

MUSEO DO MAR DE LAXE

O seu contido xira arredor de dous eixos básicos que son, por unha banda, a tradición marítima – pesqueira e, por outra banda, a historia da vila de Laxe e da súa comarca desde finais do século XIX ata os anos 70 do século XX. A peza fundamental do Museo é o Arquivo Fotográfico Vidal - conxunto de fotografías de Plácido Vidal (1867- 1956) e do seu fillo José María Vidal (1900-1988) - que está composto por unhas 67.000 imaxes que reflicten a historia de Laxe e a súa contorna ao longo de máis dun século. Polo tanto, este patrimonio antropolóxico, histórico, artístico e visual constitúe o soporte fundamental da colección que alberga.

ERMIDA DE SANTA ROSA E A CRUZ DO NAVEGANTE

No alto do monte Cornaceiras unha cruz dominaba en solitario este lugar dende 1676.

Un mariño que soía facer a ruta España-Perú, nun tempo onde os piratas ingleses e franceses saqueaban aos barcos españois, nunha das viaxes encomendouse a Santa Rosa prometendo que se chegaba san e salvo á casa levantaríase no lugar máis alto da vila unha cruz na súa honra. Ao seu regreso erixiu esta cruz coñecida como "Cruz do Navegante".

Tres séculos despois construíuse a ermida, que garda no seu interior antigos exvotos de barcos colgados do teito.



GDR COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS




















-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 MEGALÍTICA
-  R2 DO ROMÁNICO
-  R3 DA PAISAXE
-  R4 DOS FAROS
-  R5 FÁBRICA DA LUZ
-  R6 DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 SANTO HADRIÁN
-  R9 OS PINOS NO MAR
-  R10 DAS PRAIS
-  R11 DAS FÉRVEDAS

QR

Amplia información da Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | | | |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago |  | Ponte |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico |
|  | Aula da Natureza |  | Lonxa Fisterra |
|  | Cemiterio de Cores |  | Petroglifo |
|  | Muíño |  | Marco do Couto |
|  | Igrexa Santuario |  | Dolmen |
|  | Pazo |  | Museo |
|  | Castelo Torre |  | Praia |
|  | Cruceiro |  | Fervenza Encoro |
|  | Horreo |  | Faro |
|  | Museo do Alemán |  | Paisaxe |
|  | Pedras Máxicas |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |

